

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2022 pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de acceso por oposición libre, e se anuncian o lugar, a data e a hora do primeiro e segundo exercicios do proceso de acceso por oposición libre, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461B).

O 11 de agosto de 2022 o DOG fixo pública a Orde do 26 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

O 17 de agosto de 2022, o *Boletín Oficial del Estado* publicou o anuncio da dita convocatoria e abriuse o prazo de presentación de solicitudes.

O 22 de setembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 19 de setembro pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de acceso por oposición libre. Esta resolución concedía un prazo de dez días hábiles para emendar os motivos de exclusión ou de non exención da proba de lingua galega. Unha vez rematado este prazo e de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 da referida Orde do 26 de xullo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar con carácter definitivo as listaxes de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de acceso por oposición libre convocado pola Orde do 26 de xullo de 2022 (DOG núm. 153, do 11 de agosto), así como as listaxes de persoas exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega.

A listaxe definitiva de persoas admitidas poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública: <http://agasp.xunta.gal>

A listaxe de persoas declaradas exentas ou non exentas da realización da proba de lingua galega poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública: <http://agasp.xunta.gal>

CVE-DOG: a728xvd8-b1y7-l0o8-6o70-0ykeljoytzp6



A listaxe definitiva de persoas excluídas no proceso de acceso por oposición libre, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Segundo. O primeiro exercicio do proceso selectivo de acceso por oposición libre, correspondente á proba de avaliación de coñecementos, terá lugar o día 24 de outubro de 2022, no pavillón 2 do Recinto Ferial de Silleda, 36540 Silleda (Pontevedra) en chamado único, que se realizará ás 10.00 horas.

As persoas convocadas deberán presentarse na porta asignada, que será publicada con anterioridade á proba na páxina web da Agasp, coa seguinte documentación:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. Lapis número 2, goma de borrar e, no caso de realizar a proba de coñecementos da lingua galega, bolígrafo azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento dos cales se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Terceiro. O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente á proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, realizarase inmediatamente a continuación da primeira proba, unha vez finalizada esta.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o director xeral da Agasp, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados do mesmo xeito, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Estrada, 11 de outubro de 2022

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

CVE-DOG: a728xvd8-b1y7-l0o8-6o70-0ykeljoytzp6



ANEXO

Listaxe definitiva de persoas excluídas. Proceso de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 26 de xullo de 2022

NIF cifrado	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Causas de exclusión
416	Abuín	Hernández	Jesús María	4
208	Acedo	Merelles	Alejandro	2, 5
827	Álvarez	Puente	Gala	5
874	Arza	Albizurri	David	5
900	Blanco	Fariña	Marcos	5
538	Blanco	Pérez	Adrián	5
293	Cabrera	Lado	Iago	3
132	Cao	Diéguez	Juan	5
009	Castro	Cabeza	Marcos	4
756	Castro	Roca	Christian	5
294	Del Río	Grela	Rebeca	5, 6, 7
952	Dors		Vivian Thierry	5
978	Durán	Rodríguez	José Ángel	4
744	Fernández	Cancelas	María Estela	5
689	Fernández	Sotelo	Diana Victoria	4, 5
497	Figueiras	Pérez	Iago	5
622	García	Martínez	Óscar	4, 5, 6, 7
642	García	Rubira	Laura	5
323	García	Simarro	Clara	5
562	Gendra	Rodríguez	Noelia	3
370	Gómez	Castro	José Esteban	4
026	Gómez	Fernández	Pedro Ramón	1, 5
750	González	Fumega	Alejandro	4, 5
102	Guimeráns	Sobreira	Eloy	1
810	Hurtado	Grima	Pablo	5
223	Iglesias	Outón	Juan Antonio	3, 4, 5
992	Llao	García	Thor	1, 4
074	López	González	Isabel	1, 5

CVE-DOG: a728xvd8-b1y7-l0o8-6o70-0ykeljoytzp6



NIF cifrado	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Causas de exclusión
093	López	Mayo	Brais	5
781	López	Rus	Vanesa	5
133	Martínez	Lado	Borja	3, 4, 5
324	Martorell	Bibiloni	Jaime	5, 6
047	Moreno	Rodríguez	Alba	4, 5
566	Mosquera	Tarrío	Martín	5
594	Mourille	Iglesias	Ricardo	5
493	Nieto	Lareo	Adrián	5
841	Núñez	Santos	Lorena	3, 4, 5
740	Otero	Folgueira	Jesús	3
615	Pereira	Dopazo	Cristian José	5
918	Porto	González	David	5
675	Raíña	Bangueses	Antonio	6
525	Reboredo	Rodríguez	Adrián	5
487	Rivero	Quintas	Iñaki	5, 6
465	Rodríguez	López	Alejandro	5
583	Rodríguez	Rivas	José Rafael	5
890	Rodríguez	Suárez	Francisco Javier	5
179	Roel	Vallo	Marcos	4, 5
067	Sieira	González	David	5
858	Yáñez	Fernández	Yago	5
137	Zas	Sánchez	Adrián	5

	Causas de exclusión
1	Non presenta xustificante do aboamentoda taxa
2	O importe aboado é incorrecto
3	Non foi posible consultar os antecedentes penais
4	Non ten ou non foi posible consultar a titulación académica requirida
5	Non ten ou non foi posible consultar os datos do carné de conducir
6	Modelo de instancia ou solicitude non válido ou incompleto
7	Non acredita representación

